

ACTA Nº 9/2015

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E TRES DE NOVEMBRO DE DOUS MIL QUINCE.

En Paradela, a vinte e tres de novembro de 2015

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e doce minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D^a ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Non asiste D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ, xustificando a súa ausencia.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 24 DE SETEMBRO DE 2015.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 24 de setembro de 2015 da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria de data 24 de setembro de 2015.

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos oito Concelleiros, (sete do Grupo Municipal do Partido Popular e un do Grupo Municipal Socialista), sendo nove o número legal de membros.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

O Pleno dase por enterado.

3º.- ADHESIÓN, SE PROCEDE, AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE A FEDERACIÓN NACIONAL DE ASOCIACIONES Y MUNICIPIOS CON CENTRALES Y EMBALSES E A DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO.

O Sr. Alcalde realiza unha breve exposición, na que di que o Concello forma parte da Federación Nacional de Asociaciones y Municipios con Centrales y Embalses, no que destaca a fluída relación co Catastro, xa que os BICES supoñen un fonte de ingresos importante, onde se obtiveron bos resultados, aflorando ingresos, pola permanente revisión destes bens por parte da citada Federación e o seu contacto permanente co Catastro.

Consta no expediente a Proposta de alcaldía, co seguinte tenor literal:

“Visto o acordo de solicitude de adhesión ao Convenio de colaboración asinado entre a Federación Nacional de Asociaciones y Municipios con Centrales y Embalses e a Dirección Xeral do Catastro, realizado polo Concello de Paradela, en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada en data 25 de setembro de 2014.

Unha vez remitido o citado acordo aos organismos correspondentes, en data 27 de febreiro de 2015 tivo entrada no Concello o certificado do Consejo Territorial de la Propiedad Inmobiliaria de Lugo e Acta da sesión do mesmo Consello de 19 de decembro de 2014, na que se informou favorablemente por unanimidade a solicitude de adhesión ao Convenio de colaboración anteriormente mencionado. Na citada acta faise constar que os respectivos Concellos deberán adoptar por acordo plenario a súa conformidade á adhesión para o exercicio das funcións cuxo contido e réxime xurídico figuran especificados nas cláusulas do Convenio.

Ao abeiro do anterior, o Alcalde-Presidente, propón ao pleno da Corporación:

PRIMEIRO.- Manifestar a conformidade do Concello de Paradela á colaboración coa Dirección Xeral do Catastro, en relación coas centrais hidroeléctricas e embalses ubicados no noso termo municipal, segundo os términos e co alcance previsto no Convenio subscrito entre a Secretaría do Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e a Federación Nacional de Asociaciones y Municipios con Centrales y Embalses.

A conformidade prestada nos términos anteriores quedara vinculada á vixencia do reseñado Convenio. Non obstante, o Concello poderá proceder a súa denuncia mediante acordo do pleno, comunicando fehacientemente á Federación Nacional de Asociaciones y Municipios con Centrales y Embalses cunha antelación mínima de tres meses á finalización da anualidade correspondente, surtindo efectos dita denuncia a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte a citada comunicación.

SEGUNDO.- Delegar formalmente na Federación a representación en cantos trámites correspondan a este concello en relación cos traballos catastrais dos bens inmobles deste municipio a que se refire o convenio, e así se concrete entre a Federación e este Concello, a través da súa asesoría xurídica.

TERCEIRO.- Trasladar copia certificada de este acordo íntegro ao Consejo Territorial de la propiedad inmobiliaria de Lugo, á Dirección Xeral do Catastro e a

Federación Nacional de Asociaciones y Municipios con Centrales y Embalses”.

A continuación procedeuse á votación da proposta, onde o resultado foi de aprobación pola unanimidade dos oito Concelleiros, (sete do Grupo Municipal do Partido Popular e un do Grupo Municipal Socialista), sendo nove o número legal de membros.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL PARA O EJERCICIO 2016.

O Sr. Alcalde inicia a súa intervención dicindo que un ano máis se presentan en prazo, sendo uns orzamentos axustados á realidade do Concello, onde a baixa respecto do ano anterior se debe a minoración de ingresos derivada da licenza da residencia e do PEIM.

A continuación procedeu á lectura dos capítulos e importes de ingresos e gastos, así coma dos anexos de persoal, de inversións e certificado de débeda.

No seu turno de palabra, a voceira do Grupo municipal Socialista, Dona Sonsoles López Izquierdo inicia a súa intervención realizando unha serie de preguntas en relación co avance de liquidación e coas contías previstas no anexo e nas partidas de inversión; as cales son respostadas e aclaradas polo Secretario-Interventor.

A continuación di que a inversión relativa a adquisición da Cámara Agraria, descoñecía que non fora de titularidade municipal e pregunta ao Sr. Alcalde se cos edificios cos que xa conta o Concello considera necesaria esa adquisición.

O Sr. Alcalde resposta que sí o considera necesario, xa que é un edificio que está a ser usado como almacén do Concello e onde diversas asociacións realizan as súas actividades.

Dona Sonsoles López, voceira do Grupo municipal Socialista, non opina o mesmo, xa que eses cartos se poderían aforrar á vista do estado e utilización que se lle está a dar a diversos edificios municipais.

Di asemade que non van apoiar os presupostos, xa que estes baixan cando polo menos se deberían manter se é certa esa recuperación económica da que fala o PP, onde se incrementa a partida de persoal e se baixan partidas como a de fomento de emprego e a de inversións; o que denota un orzamento estático, pensado para mortos e ancianos, a vista das inversións tanto na residencia como no tanatorio, unicamente previstos para cubrir as necesidades estáticas, onde non se prevé unha dinamización nin da economía nin do Concello; onde resulta que o orzamento do ano anterior era máis ambicioso que este que presentan.

O Sr. Alcalde di que o orzamento é o que é, serio, realista e axustado ás necesidades de Paradela.

O contido da proposta, que consta no expediente é a seguinte:

Confecionado o orzamento xeral municipal para o exercicio 2016 xunto coas respectivas Bases de Execución e demais Anexos ou Estados que deban acompañalo, de conformidade co establecido nos artigos 166 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, esta Alcaldía eleva ó Pleno a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación o proxecto de orzamento xeral municipal para o exercicio 2016 co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO I: Gastos de Persoal 453.232,69

CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos 462.791,63

CAPÍTULO III: Gastos Financeiros 2.418,54

CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes 32.600,00

B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL

CAPÍTULO VI: Inversións Reais 242.175,68

CAPÍTULO VII: Transferencias de capital 0,00

OPERACIÓNS FINANCEIRAS

CAPÍTULO VIII: Activos financeiros 0,00

CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros 26.781,46

TOTAL: 1.220.000,00

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS

A) INGRESOS POR OPERACIÓNS CORRENTES

CAPÍTULO I: Impostos Directos 386.500,00

CAPÍTULO II: Impostos Indirectos 30.000,00

CAPÍTULO III: Taxas e outros Ingresos 121.000,00

CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes 652.000,00

CAPÍTULO V: Ingresos Patrimoniais 14.500,00

B) INGRESOS POR OPERACIÓNS DE CAPITAL

CAPÍTULO VI: Enaxenación inversións reais 0,00

CAPÍTULO VII: Transferencias de Capital 16.000,00

OPERACIÓNS FINANCEIRAS

CAPÍTULO VIII: Activos financeiros 0,00

CAPÍTULO IX: Pasivos financeiros 0,00

TOTAL: 1.220.000,00

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

TERCEIRO.- Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o exercicio 2016, as Bases de Execución e a plantilla de persoal aprobados, polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncios no Boletín da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos do seu exame e presentación, no se caso das reclamacións oportunas polos interesados.

CUARTO.- Considerar elevados a definitivos estos acordos no caso de que non se presente reclamación algunha.

QUINTO.- Remitir copia á Administración do Estado, a sí coma ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Paradela, 17 de novembro de 2015. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel

Mato Díaz”.

Sómete a proposta de alcaldía a votación, que resulta aprobada pola maioría absoluta cos votos a favor dos sete Concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular e o voto en contra do membro do Grupo Municipal Socialista, sendo nove o número legal de membros.

5º. SORTEO DOS MEMBROS QUE FORMARÁN PARTE DAS DAS MESAS ELECTORAIS NAS ELECCIÓNS XERAIS, A CELEBRAR O VINDEIRO 20 DE DECEMBRO DE 2015.

O Presidente da Corporación da conta aos concelleiros presentes da necesidade de proceder, de conformidade co establecido no artigo 26.4º da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, á elección por sorteo público dos membros que formarán parte das mesas nas vindeiras eleccións xerais, a celebrar o 20 de decembro de 2015.

A tal efecto comunicase que cos datos remitidos do censo electoral da delegación provincial do Instituto Nacional de Estadística levarase a cabo o sorteo utilizando a aplicación informática proporcionada polo Instituto Nacional de Estadística (INE).

A continuación procedeuse a realizar o sorteo co seguinte resultado:

Distrito Censal 01 - Sección 001 - Mesa A

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	Nº DNI	ENDEREZO	CARGO NA MESA
LÓPEZ	LÓPEZ	ANIBAL	33540563P	Cortes, 2	Presidente
FERNÁNDEZ	LÓPEZ	MANUEL	76618199R	A Pena, 12	1º vogal
GOLÁS	ARRESTO	JORGE	34266287J	Outeiro, 9 -Barán	2º vogal
LÓPEZ	TABOADA	JESÚS	76618149C	Rúa da Feira, 14	1º suplente Presidente
LÓPEZ	LÓPEZ	MARÍA DEL CARMEN	33314602E	Moutrás, 3 - Laxe	2º suplente Presidente
FERNÁNDEZ	FERNÁNDEZ	INDALECIO	76615146F	Celmán, 4 - Suar	1º suplente 1º vogal
RODRÍGUEZ	VÁZQUEZ	M.ª OLGA	76616905H	Rúa Muíño, 24	2º suplente 1º vogal
ARRESTO	CASTRO	AMANCIO	76611773S	Loureiro, 1 Vilaragunte	1º suplente 2º vogal
LÓPEZ	CORTIÑAS	JAIME	76618169V	Caraba, 4 Ferreiros	2º suplente 2º vogal

Distrito censal 01 - Sección 002 - Mesa A

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	Nº DNI	ENDEREZO	CARGO NA MESA
LÓPEZ	RODRÍGUEZ	FERNANDO	33342880X	Acevedo, 4	Presidente
LÓPEZ	MÉNDEZ	EDITA	34244325Q	Parrocha, 2	1º vogal
RODRÍGUEZ	PÉREZ	JOSÉ LUÍS	34246693S	Bacorelle, 4	2º vogal
RODRÍGUEZ	DÍAZ	JOSÉ MANUEL	33543666Y	Edrada, 7	1º suplente Presidente



Concello de Paradela

GONZÁLEZ	ARIAS	JENNIFER	33548078W	Foilebar, 3	2º suplente Presidente
LÓPEZ	GONZÁLEZ	AIDA	76619974M	Mosteirovello, 4	1º suplente 1º vogal
LÓPEZ	LÓPEZ	IVÁN	34273644X	Ferreira, 2	2º suplente 1º vogal
LÓPEZ	RODRÍGUEZ	HUGO	34278789A	Cerxedo, 13	1º suplente 2º vogal
LÓPEZ	LÓPEZ	SARA	34245144F	Mosteirovello, 31	2º suplente 2º vogal

Distrito Censal 01 - Sección 002 – Mesa B

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	Nº DNI	ENDEREZO	CARGO NA MESA
RODRÍGUEZ	RODRÍGUEZ	FÁTIMA	33550954A	Aldosende, 30	Presidenta
PÉREZ	ARIAS	MARÍA IRENE	34258366G	Castro de San Mamede, 6	1º vogal
LÓPEZ	ABELLA	JESÚS	34284419K	San Vicente, 8	2º vogal
ABELLA	PEÑA	KEVIN	33537578J	Higón, 2	1º suplente Presidente
ABELLA	RODRÍGUEZ	CRISTINA	34284419K	Nai, 2 San Vicente	2º suplente Presidente
RODRÍGUEZ	LUNA	VÍCTOR MANUEL	33341164L	Esdulfe, 1 San Martiño	1º suplente 1º vogal
LÓPEZ	GONZÁLEZ	ALICIA	76615169F	Rosende, 3 San Vicente	2º suplente 1º vogal
ABELLA	LÓPEZ	MANUEL	76618192V	Nai, 2 San Vicente	1º suplente 2º vogal
ARIAS	FERNÁNDEZ	VENANCIO	34253653Y	Aldosende, 35	2º suplente 2º vogal

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron formalmente preguntas por escrito, nin tampouco neste intre.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e cincuenta minutos do vinte e tres de novembro de dous mil quince, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

**Visto e prace
O Alcalde**

O Secretario-Interventor